

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 10 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude desta competencia, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas e das súas estruturas de integración económica e representativa, dispoñendo que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realizará unha política de fomento do movemento cooperativo e adoptará as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

A mesma lei prevé, así mesmo, a participación doutros ámbitos da Administración pública, establecendo que a Administración local procurará considerar dentro dos seus plans ou programas de actuación a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas.

Segundo o disposto polo Decreto 42/2013, do 21 de febreiro (DOG núm. 46, do 6 de marzo), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndelle a esta o exercicio das anteditas competencias e funcións.

O programa operativo do Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013 recolle no seu eixe número 4 as estratexias dirixidas á promoción da cooperación transnacional e interrexional. Neste marco e, concretamente, desenvolvendo o seu tema prioritario número 80, imputaranse distintas accións elixibles como as redes de intercooperación no ámbito da economía social, a promoción do emprendemento cooperativo e os servizos de información, orientación e asesoramento.

A Consellería de Traballo e Benestar, mediante o Decreto 225/2012, do 15 de novembro, creou a Rede Eusumo como instrumento de acción descentralizada constituída por entidades sociais, administracións e outros organismos que comparten os obxectivos de traballar en prol do desenvolvemento cooperativo e da economía social.



Con esta rede esténdese o labor de promoción con dous obxectivos fundamentais, por unha parte, a posta en marcha de novos proxectos cooperativos como motores de creación de emprego e, pola outra, a consolidación das cooperativas existentes mediante a mellora da súa competitividade. Incídese no impulso do desenvolvemento local de base cooperativa e achégase información e asesoramento a desempregados, cooperativistas, emprendedores e cidadanía en xeral, prestando especial atención aos procesos de acompañamento de proxectos.

Esta consellería, tendo en conta as potencialidades da fórmula empresarial cooperativa para o desenvolvemento local e para a prestación de servizos de natureza social, a necesidade de que o labor de divulgación e fomento se realice tamén desde os ámbitos máis próximos aos cidadáns, así como as sinerxías derivadas da cooperación entre as distintas administracións, considera preciso estimular a realización de actividades de promoción do cooperativismo por parte das entidades locais, mediante oficinas de fomento cooperativo integradas na Rede Eusumo.

A través da presente orde regúlase o proceso da concesión de subvencións para o financiamento dos custos derivados da creación ou posta en marcha de oficinas de fomento cooperativo por parte de entidades locais ou agrupacións de concellos.

A regulación axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Cooperativas, o Consello Galego de Relacións Laborais e a Federación Galega de Municipios e Provincias e de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Sección 1ª. Bases das axudas de promoción e fomento do cooperativismo

Artigo 1. Finalidade e réxime das subvencións

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a sufragar a realización de actividades de promoción do cooperativismo por parte dos concellos e doutras entidades locais de Galicia.



2. As solicitudes, a súa tramitación e concesión axustaranse en todo o non expresamente previsto nesta orde ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 2. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias os concellos de Galicia a través dos órganos dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios ou dun consorcio local.

2. Así mesmo, aqueles concellos que pertencen a unha mesma zona sen constituír mancomunidade e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, que agrupen un mínimo de catro concellos, poderán solicitar as subvencións que regula esta orde. Neste suposto, todos os concellos quedan obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención e ao cumprimento do establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En particular, deberán facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se aplicará por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

Cando nestas agrupacións participen entidades resultantes de procesos de fusión municipal, computaranse en función do número de concellos fusionados.

3. Ningún concello poderá figurar en máis dunha solicitude. O incumprimento desta norma dará lugar a que unicamente se dea validez á solicitude rexistrada en primeiro lugar no Rexistro Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, e que se proceda á inadmisión das restantes solicitudes en que figuren o concello ou concellos incumplidores.

4. Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde as entidades que incorran nalgunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.



Artigo 3. *Obxecto e contía das subvencións*

1. As actividades obxecto de subvención poderán consistir na creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo que realicen actividades de promoción e fomento do cooperativismo dirixidas ao ámbito territorial dos concellos solicitantes e á súa área de influencia, en particular, mediante o estímulo do autoemprego e o emprendemento cooperativo e o apoio á xeración de novos proxectos cooperativos.

2. As oficinas de fomento cooperativo deberán integrarse na Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e desenvolver as súas actividades en colaboración coas entidades que forman parte dela.

3. Subvencionarase o alugamento de locais e os custos salariais do persoal asesor en materia de fomento cooperativo que sexa contratado pola entidade beneficiaria e sempre que se dedique a tempo completo para tal fin.

Unicamente será subvencionable unha oficina de fomento cooperativo por cada solicitude presentada, así como un único local e un único técnico, independentemente do número de concellos que agrupe.

Os labores que asumirá a oficina de fomento cooperativo serán:

- a) Asesoría e acompañamento de proxectos.
- b) Accións formativas e informativas de promotores.
- c) Elaboración de plans empresariais.
- d) Seguimento e titorización dos proxectos cooperativos en xestión.
- e) Formación e divulgación de fórmulas cooperativas así como coordinación das actividades de fomento e promoción.

A beneficiaria deberá designar un interlocutor válido para todas as cuestións relacionadas coa oficina de fomento cooperativo. É responsabilidade da beneficiaria impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo a Xunta de Galicia allea por completo a estas relacións laborais. Correspóndelle, así mesmo, á beneficiaria a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licenzas horarias, os permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador.



A beneficiaria deberá acreditar a dedicación do técnico asesor ao programa cos seguintes documentos:

- 1º. Partes horarios e plan de traballo.
- 2º. Actas de reunións para xestións de proxectos cooperativos.
- 3º. Informe de actividades.
- 4º. Relación asinada polos distintos destinatarios dos servizos.
- 5º. Certificación da entidade local ou persoa a quen legalmente lle corresponda.

Os técnicos asesores adscritos a este programa deberán posuír titulación académica universitaria e comprometeranse a realizar un curso de formación en materia de cooperativismo cunha duración mínima de 60 horas.

Deberase habilitar unha oficina, estar debidamente sinalizada e publicitar o servizo por distintos medios, tendo en conta o previsto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 10.b) desta orde.

Terase en conta o número de proxectos empresariais cooperativos consolidados e outros indicadores referidos ás actividades das oficinas de emprego cooperativo para a concesión das axudas en anos sucesivos.

4. Igualmente resultarán subvencionables as actividades realizadas polos beneficiarios a través das oficinas de fomento cooperativo que consistan en accións de promoción e fomento do cooperativismo e que estean dirixidas ao ámbito territorial dos concellos solicitantes e á súa área de influencia. A título de exemplo, poderán consistir na elaboración e publicación de estudos, informes, traballos de investigación, manuais e folletos divulgativos; realización de feiras, mostras, congresos; organización de cursos, xornadas, conferencias, seminarios e simposios, así como actividades de fomento de viveiros cooperativos.

Estas actividades deberán coidar especialmente o enfoque de carácter práctico e eficaz das actividades, así como a súa imbricación coa realidade do contorno socioeconómico local onde se desenvolven. Na medida que resulte posible, procurarase a participación das asociacións de cooperativas representadas no Consello Galego de Cooperativas como xeito de contribuír á difusión dos valores e potencialidades do cooperativismo.



5. Para a creación e mantemento das oficinas de fomento cooperativo, a contía das subvencións poderá ascender ata o 100 % dos custos necesarios para un ano de funcionamento. Sinálanse a continuación os límites para o cálculo do investimento máximo auxiliable:

a) Alugamento de locais ata un máximo de 250 € mensuais.

b) Custos de contratación dun técnico con dedicación exclusiva e a tempo completo ata un máximo de 2.000 € mensuais.

6. Para as accións de promoción e fomento do cooperativismo referidas no punto catro, a contía das subvencións poderá ascender ata o 80 % dos gastos necesarios para a súa realización. Para as ditas accións establécense os seguintes límites de investimento:

a) Actividades divulgativas e formativas de duración igual ou inferior a 10 horas: ata un máximo de 2.000 €.

b) Actividades divulgativas e formativas de duración superior a 10 horas: o límite será a contía resultante de multiplicar o número de horas de duración efectiva por 200 €, ata un máximo de 4.000 €.

c) No caso da actividade de fomento de viveiros cooperativos, será subvencionable parte do importe do alugamento do local do viveiro durante un ano, cun límite de investimento máximo de 250 € mensuais.

7. A contía máxima da axuda por todos os conceptos subvencionables non poderá exceder os 28.000 € por solicitude. Este límite incrementarase en 3.200 € máis por cada conxunto adicional a partir de catro, ata un límite máximo total de axuda de 37.600 € por solicitude.

8. A partir do terceiro ano de actividade da oficina de fomento cooperativo, a axuda por mantemento anual desta, incluídas as epígrafes do técnico, oficina e outras accións de promoción e fomento, será dun máximo do 50 % do seu custo. Para este efecto, tamén se respectarán os límites de investimento recollidos nos distintos puntos do presente artigo.

9. As actividades subvencionadas poderán contar con outros financiamentos sen que en ningún caso excedan da contía realmente xustificada e non achegada pola Xunta de Galicia.



Artigo 4 *Solicitudes e documentación*

1. As solicitudes de subvencións deberán dirixirse á Dirección Xeral de Traballo e Economía Social e poderán presentarse por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes e os anexos están dispoñibles na guía de procedementos, na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) e tamén na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar (<http://traballoebenestar.xunta.es>).

2. Segundo o disposto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, as solicitudes dos interesados xuntarán os documentos e as informacións determinados na convocatoria, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso, o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos e, cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponda.

3. De acordo co establecido no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades delas dependentes e, unha vez aprobada pola Orde do 15 de setembro de 2011 a posta en funcionamento da sede electrónica da Xunta de Galicia, os interesados poderán presentar electronicamente as solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo electrónico: <https://sede.xunta.es>. A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. A achega de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida nos correspondentes documentos. As mencionadas imaxes electrónicas carecerán de carácter de copia auténtica.

Neste caso, os solicitantes deberán anexar, ademais, unha declaración responsable de que os documentos escaneados son orixinais e auténticos, sen prexuízo de que se lle



poida requirir a exhibición do documento orixinal en calquera momento da tramitación do procedemento, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Así mesmo, os interesados poderán tamén presentar as solicitudes de forma presencial por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Neste senso, os formularios de solicitude poderán ser obtidos, cubertos e validados pola entidade solicitante a través da aplicación informática a que se accederá a través da páxina web da Consellería de Traballo e Benestar (<http://traballoebenestar.xunta.es>). Para os efectos de facilitar que estes formularios se cubran correctamente, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda, que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes. Así mesmo, a propia aplicación informática disporá tamén de instrucións de axuda, de xeito que poidan ir visualizándose a medida que se vaian cubrindo os formularios. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidades de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, os solicitantes poderán dirixirse á Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

4. As solicitudes presentaranse no modelo que figura como anexo I desta orde e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria que conteña:

1º. Identificación do solicitante e do seu ámbito de influencia.

2º. Indicación das actividades de fomento do cooperativismo que realizou no ano anterior a través da oficina de fomento cooperativo, de ser o caso, indicando o número de accións de formación, información e asesoramento, así como o número de proxectos empresariais cooperativos consolidados.

3º. Director ou coordinador do proxecto.

4º. Descrición das actividades que se pretenden realizar, especificando a súa finalidade e as persoas destinatarias.



5º. Cronograma ou planificación das actividades.

6º. Medios previstos para a súa realización, con indicación expresa das características do local onde se sitúa a oficina de fomento.

7º. Informe relativo á capacidade profesional do técnico da oficina de fomento para o cal se solicita a subvención.

8º. Orzamento detallado, cuantificado en todos os seus puntos, indicando a procedencia dos recursos non achegados pola consellería.

b) Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade local, ou persoa a que legalmente lle corresponda, do acordo polo que se solicita a subvención e se aceptan as condicións e os requisitos establecidos nesta orde, así como de non estaren incursos os concellos solicitantes ou mancomunidade de municipios nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

c) Os concellos que se asocien para os efectos desta orde deberán achegar documento en que se acorde a colaboración dos concellos e a designación do que os representa, así como certificación dos/as secretarios/as, ou persoa a que legalmente lle corresponda, dos acordos do órgano competente conforme se delega a petición de subvención no concello que actúe como representante de todos eles.

d) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas e subvencións efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade ou proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos (segundo o modelo do anexo II).

Artigo 5. *Instrución*

As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes recibidas á Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social, por ser o órgano instrutor, para que o servizo competente comprobe se a solicitude ou a documentación presentada reúne os requisitos exixidos na presente orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, requirirá o interesado para que a repare no prazo máximo e improrrogable de 10 días e, se non o fixese, considerarase que desiste da súa solicitude logo de resolución, que



deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6. *Avaliación das solicitudes*

1. A concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva polo que, unha vez instruídos os expedientes, pasarán para o seu exame á comisión de avaliación, que informará o órgano instrutor. Este órgano elevaralle proposta á persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, que resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, poñendo fin á vía administrativa.

2. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, a comisión de avaliación estará formada polos seguintes membros: a persoa titular da Subdirección Xeral Cooperativas e Economía Social, que a presidirá, o xefe/a do Servizo de Cooperativas e Economía Social, dous/dúas funcionarios/as designados/as pola persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social e o xefe/a da Sección de Fomento da Economía Social, que actuará como secretario/a.

Os resultados poranse en coñecemento da Federación Galega de Municipios e Provincias e das asociacións de cooperativas con representación no Consello Galego de Cooperativas.

Esta comisión poderá adoptar validamente os seus acordos sempre que asistan a ela o/a presidente/a, ou persoa en que delegue, o/a secretario/a e polo menos a metade dos seus membros. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algún dos/as funcionarios/as que a compoñen non puidese asistir, será substituído polo/a funcionario/a que para o efecto designe a persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

3. A comisión de avaliación rexerase polo establecido no título II, capítulo II, artigo 22 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, relativo aos órganos colexiados.

4. A comisión de avaliación, motivadamente, poderá requirir dos/as solicitantes das axudas a información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administra-



ción, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

Artigo 7. *Criterios de avaliación*

1. A comisión realizará a estimación do número de entidades beneficiarias e da contía da subvención, sempre tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias previstas para este fin e os límites fixados nesta orde; a comisión non terá en conta as solicitudes que non se adapten a estas bases.

2. Como criterios de avaliación teranse en conta os seguintes, ordenados como se indica a seguir:

a) Polo menor número de cooperativas activas con domicilio no ámbito dos concellos solicitantes en relación coa súa poboación, ata 50 puntos.

b) Polo maior número de concellos que se agrupen na mesma solicitude, ata 40 puntos, tendo en conta que as entidades resultantes de procesos de fusión municipal computaranse en función do número de concellos fusionados.

c) Polas actividades de promoción e fomento previstas pola oficina de fomento cooperativo, tendo en conta o número de actuacións previstas, a súa calidade técnica e o seu previsible impacto, ata 30 puntos.

d) Pola titulación académica universitaria que debe posuír o técnico asesor, 20 puntos, se se corresponde con calquera das seguintes:

1º. Licenciatura ou grao en Economía, Administración e Dirección de Empresas, Dereito ou titulacións ou graos mixtos que as inclúan.

2º. Diplomatura en Ciencias Empresariais ou Relacións Laborais.

3º. Máster en Xestión e Dirección Empresarial Cooperativa.

e) Polo número de accións de formación, información e asesoramento realizadas por oficinas de fomento cooperativo no ano anterior, ata 65 puntos.

f) Polo número de proxectos empresariais cooperativos consolidados a través de oficinas de fomento cooperativo no ano anterior, ata 65 puntos.



g) Pola participación de entidades resultantes de procesos de fusión municipal, culminados nos dez anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, ata 81 puntos.

3. A concesión destas subvencións realízase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, establecéndose unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración fixados no parágrafo anterior e adxudicárase a aquelas propostas que obtivesen maior puntuación.

En caso de empate de puntos de baremación asignárase a subvención ás beneficiarias que empreguen a lingua galega na realización das actividades da oficina de fomento. Se aínda persistise o empate, terán prioridade as solicitudes de axudas tramitadas telematicamente e, en último termo, prevalecerá a orde de rexistro de entrada das solicitudes no Rexistro Xeral da Consellería de Traballo e Benestar.

4. En relación co obxecto e contía das subvencións previstas no artigo 3 desta orde, a comisión de avaliación poderá aplicar módulos máximos de investimentos nas distintas accións de promoción e fomento. Estes módulos serán contrastados, fundamentados e serán obxecto de exposición pública na páxina web da consellería (www.xunta.es/traballo-e-benestar).

Artigo 8. Resolución e recursos

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes previstas nesta orde corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

2. Logo da fiscalización da proposta polo órgano interventor da consellería, o órgano concedente ditará a correspondente resolución, que se notificará aos interesados. A realización das actividades será responsabilidade exclusiva dos solicitantes, ben que a consellería debe estar informada puntualmente e con suficiente antelación das circunstancias concretas da execución e reserva para si o dereito de solicitar a información complementaria que considere oportuna, así como a comprobación de calquera aspecto relacionado con elas. En todos os soportes, materiais ou publicacións e calquera medio de divulgación das actividades deberá constar de xeito destacado a colaboración da Consellería de Traballo e Benestar. De todo este material e documentación obxecto do financiamento da consellería, esta poderá facer uso coa finalidade de multiplicar o efecto promotor en toda a comunidade autónoma.



3. O prazo para resolver e notificar será de tres meses. En todo caso, o antedito prazo non comezará a computarse ata que transcorra o prazo previsto para a presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. De acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega; no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial as subvencións concedidas ao abeiro deste orde, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

6. De conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a Consellería de Traballo e Benestar incluírá e fará públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás subvencións recibidas ao abeiro desta orde, así como as sancións impostas (os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o Cixtec, como órgano responsable dos ficheiros, rúa Domingo Fontán 9, 15702 Santiago de Compostela).

7. Dado que a axuda está cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase a entidade beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes das entidades beneficiarias, das operacións e a cantidade de fondos públicos asignados a cada operación, que se publicará conforme o previsto no artigo 7.2.d) do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro.



8. A presentación da solicitude polas entidades interesadas implica a autorización á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, se é o caso, nos rexistros regulados no referido Decreto 132/2006.

Segundo o disposto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as entidades beneficiarias deberán dar axeitada publicidade de carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención.

Artigo 9. *Xustificación e forma de pagamento*

1. Na xustificación e forma de pagamento aplicarase o disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo necesario a aplicación do réxime de garantías por tratarse de entidades locais.

2. Unha vez notificada a resolución definitiva, os interesados disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación. Transcorrido este sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3. Ao remate da actividade deberase presentar un informe exhaustivo da súa realización, acompañado de copia de todos os materiais e documentos xerados, así como constancia da súa repercusión pública. Igualmente deberá achegarse contrato de traballo, nóminas, TC1 e TC2 do/a técnico/a e a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos do programa recollido no artigo 3, e contrato do aluguer do local, de ser o caso.

4. A entidade beneficiaria deberá xustificar o investimento e solicitar os correspondentes pagamentos da axuda.

5. En concepto de anticipo poderase facer efectivo ata o 25 % do total da contía da subvención, unha vez acreditada a súa aceptación e logo de solicitude do dito anticipo, segundo o previsto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, en referencia cos pagamentos anticipados e a exoneración da constitución de garantía por tratarse de entidades non lucrativas.

6. En todo caso a forma de xustificación deberá aterse ao previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen nos prazos establecidos nesta orde. En todo caso, respectaranse as condicións da Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo, modificada pola Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

7. O pagamento das axudas quedará condicionado á presentación da solicitude de pagamento conforme o modelo do anexo III, acompañada de toda a documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención, no prazo, termos e na forma que estableza a resolución da concesión e que constará dos seguintes documentos:

- a) Orixinal ou copia compulsada ou cotexada das facturas.
- b) Xustificantes bancarios de pagamento.
- c) Informe exhaustivo da realización das actividades.
- d) Copia de todos os materiais e documentos xerados, así como constancia da súa repercusión pública.
- e) Para as oficinas de fomento cooperativo: contrato de traballo, nóminas, TC1 e TC2 do/a técnico/a e documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos do programa recollidos no artigo 3 da orde de convocatoria.
- f) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas e subvencións efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade ou proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos (segundo o modelo do anexo II).

8. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado esta perante o órgano administrativo competente, este requirirá a entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido



neste parágrafo non eximirá a entidade beneficiaria das sancións que, conforme a lei, correspondan.

Malia o disposto no punto anterior, o órgano concedente da subvención poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiro.

9. No momento da xustificación total da actividade subvencionada, deberá presentarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

10. En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria.

11. A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde.

Artigo 10. *Obrigas das entidades beneficiarias*

Son obrigas das entidades beneficiarias das subvencións as citadas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en especial as seguintes:

a) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público estatal ou internacional.

b) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente e do Fondo Social Europeo, así como en lendas relativas ao financiamento público en



carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Todas as medidas de publicidade e información que deban executarse serán coherentes co establecido na Guía de publicidade e información das intervencións cofinanciadas polos fondos estruturais 2007-2013, publicada pola Dirección Xeral de Planificación e Fondos da Consellería de Facenda e dispoñible na súa páxina web:

<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/area-de-planificacion-e-fondos>

c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. En particular, deberán conservar a documentación por un período de tres anos a partir do peche do programa operativo do Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013, tal como se define no artigo 89, número 3, do Regulamento 1083/2006, do Consello. Deberán, así mesmo, manter unha separación contable adecuada para os gastos relacionados coa axuda que facilite a pista de auditoría.

d) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Tránsito e Benestar, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

e) Subscribir o convenio de colaboración coa Consellería de Tránsito e Benestar para a realización de servizos de asesoramento, información e formación e a utilización da oficina de fomento cooperativo como punto da Rede Eusumo, cooperativismo e economía social, nos termos previstos no artigo 13 do Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, e se regula o seu funcionamento.

f) Acreditar, con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión e a que se realice a proposta de pagamento da subvención, que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, de acordo co artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta acreditación poderá substituírse por unha declaración responsable do solicitante, de acordo co artigo 20.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 11. Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través desta convocatoria, coas condicións e requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos cales teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Artigo 12. Modificación da resolución, revogación e reintegro

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, seguindo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e, eventualmente, á súa revogación.

2. Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Artigo 13. Seguimento e control

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.



*Sección 2ª. Convocatoria de axudas para o ano 2013***Artigo 14. Convocatoria**

Convócanse para o ano 2013, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo reguladas polas bases da sección primeira desta orde.

Artigo 15. Presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

Artigo 16. Período de execución das actividades

O período de execución das actividades elixibles para ser subvencionadas será o comprendido entre o 1 de xaneiro do 2013 e o 31 de outubro de 2013.

Artigo 17. Xustificación das actividades subvencionadas

As entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o investimento conforme a resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos mediante solicitude conforme o modelo do anexo III.

A data máxima de xustificación das actividades subvencionadas será o 15 de novembro de 2013.

Artigo 18. Financiamento

A concesión das axudas previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo á aplicación 11.02.324A 460.0 da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, por un importe total máximo de douscentos dez mil euros (210.000 €), correspondentes a fondos cofinanciados polo Fondo Social Europeo (ao 80 %)



e fondos propios que cofinancian (ao 20 %), por tratarse de accións elixibles no eixe 4, tema prioritario 80, de acordo co programa operativo FSE de Galicia 2007-2013.

Estes importes poderán verse incrementados con fondos comunitarios, da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional única

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, ou a súa revogación, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2013

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR802Z	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO CONCELLO/ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME <input type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>
CARGO NA ENTIDADE <input type="text"/>		CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>	

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
ENDEREZO <input type="text"/>		LOCALIDADE <input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	
TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>	

DATOS BANCARIOS			
NOME DA ENTIDADE <input type="text"/>		NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS) <input type="text"/>	

ACTIVIDADES PROPOSTAS	Udes.	Orzamento	% Axuda	Axuda
1. Accións de promoción de cooperativismo (total)				
2. Alugamento viveiro cooperativo				
3. Oficina de fomento cooperativo (total)				
3.1 Alugamento do local				
3.2 Contrato do técnico (creación, 1º ano)				
3.3 Contrato do técnico (mantemento, 2º ano <input type="radio"/> , 3º ano <input type="radio"/>)				

CRITERIOS DE VALORACIÓN	Si/Non*	Udes.	Ptos**
Polo menor número de cooperativas activas con domicilio no ámbito dos concellos solicitantes en relación coa súa poboación	<input type="checkbox"/>		
Polo maior número de concellos que se agrupen na mesma solicitude.	<input type="checkbox"/>		
Polas actividades de promoción e fomento previstas pola oficina de fomento cooperativo, tendo en conta o número de actuacións previstas, a súa calidade técnica e o seu previsible impacto.	<input type="checkbox"/>		
Pola titulación que debe posuír o técnico asesor da oficina de fomento cooperativo de acordo coas bases da convocatoria.	<input type="checkbox"/>		
Polo número de accións de formación, información e asesoramento realizadas por oficinas de fomento cooperativo no ano anterior.	<input type="checkbox"/>		
Polo número de proxectos empresariais cooperativos consolidados a través de oficinas de fomento cooperativo no ano anterior.	<input type="checkbox"/>		
Polo emprego da lingua galega na realización das actividades da oficina de fomento.	<input type="checkbox"/>		
Pola tramitación telemática da solicitude de axudas.	<input type="checkbox"/>		
Pola participación de entidades resultantes de procesos de fusión municipal, culminados nos dez anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.	<input type="checkbox"/>		

(* Marcar cun X aqueles criterios que se consideren aplicables ás actividades propostas e o número de unidades se procede.
(**) Para cubrir pola Administración.

CVE-DOG: zststwt7-bay1-hny3-pfy4-axvw717ngzm3



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Memoria do proxecto que conteña:

- Identificación do concello ou entidade local solicitante e do seu ámbito de influencia.
- Indicación das actividades de fomento do cooperativismo que realizou en anos anteriores ou se é a primeira ocasión que accede esta liña de axudas.
- Director ou coordinador do proxecto.
- Descrición das actividades que se pretenden realizar, especificando a súa finalidade e as persoas destinatarias.
- Cronograma ou planificación das actividades.
- Medios previstos para a súa realización.
- Informe relativo á capacidade profesional das persoas que interveñen, de ser o caso. Especialmente no caso das oficinas de fomento cooperativo.
- Orzamento detallado, cuantificando en todos os seus puntos, indicando a procedencia dos recursos non achegados pola consellería.

Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade local, ou persoa a que legalmente lle corresponda, do acordo polo que se solicita a subvención e se aceptan as condicións e requisitos establecidos nesta orde, así como de non estar incluído o concello ou mancomunidade de municipios nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Os concellos que se asocien para os efectos desta orde deberán achegar documento en que se acorde a colaboración dos concellos e a designación do que os representa, así como certificación dos/as secretarios/as, ou persoa a que legalmente lle corresponda, dos acordos do Pleno ou da Comisión de Goberno en que delegan a petición de subvención no concello que actúe como representante de todos eles.

Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas e subvencións efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade ou proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos (segundo o modelo do anexo II).

DECLARA QUE:

a) Todos os datos que constan nesta solicitude son certos.

b) Coñece e comprométese a cumprir todas as condicións e compromisos recollidos nesta orde e concretamente:

- 1) Comunicaralle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público estatal ou internacional.
- 2) Sométense ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, ás de control financeiro que lle correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Inclúirase, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI NON (Neste caso achegarase a documentación correspondente)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 10 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de



Dirección Xeral de Traballo e Economía Social



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO II

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

EXPEDIENTE

DATOS DO CONCELLO/ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Relaciona a seguir as axudas e subvencións solicitadas e/ou obtidas para a mesma finalidade ou proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos:

AXUDAS CONCEDIDAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

SIGNATURA DO REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data

 , de de 

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO III

SOLICITUDE DE PAGAMENTO

ACTIVIDADES	Axuda concedida		Orzamento executado			Xustificante nº orde (*)
	Orzamento	Axuda	Udes.	Orzamento	Axuda	
1. Accións de promoción cooperativismo (total)						
2. Alugamento viveiro cooperativo						
3. Oficina de fomento (total)						
3.1. Contrato alugamento local						
3.2. Contrato do técnico 1º ano						
3.3. Contrato do técnico 2º ano <input type="radio"/> , 3º ano <input type="radio"/>						

RELACIÓN DE DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS


Nº orde (*)	Denominación	Número	Importe
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE DE PAGAMENTO

- Orixinal ou copia compulsada das facturas.
- Xustificantes bancarios de pagamento.
- Informe exhaustivo da realización das actividades.
- Copia de todos os materiais e documentos xerados, así como constancia e a súa repercusión pública.
- Para as oficinas de fomento cooperativo: copia cotexada da titulación académica universitaria contrato de traballo, nóminas, TC1 e TC2 do/a técnico/a e documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos do programa recollidos no artigo 3.3.f) da orde de convocatoria.
- Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas e subvencións efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade ou proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos (segundo o modelo do anexo II).

SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data

 , de de



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>
